

DOBRAXE DE CUBERTAS

30/05/2023

O uso e a comercialización do amianto están prohibidos en España dende o ano 2002 pero non é obrigatorio eliminar o que está colocado se non chegou ao final da súa vida útil segundo indica a prohibición, xúntanse as referencias legais ao respecto:

- ORDE do 7 de decembro de 2001 pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos. BOE nº 299 de 14/12/2001 (prohibición do amianto en España).
- REGULAMENTO (CE) nº 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e mesturas químicas (REACH), polo que se crea a Axencia Europea de Susbtancias e Mesturas Químicas . DOUE L 396 de 30/12/2006 (e posteriores modificacións) (no anexo XVII está a restrición do amianto).

Desde a vertente da prevención de riscos laborais, a vida útil dun material que contén amianto debe entenderse como o momento a partir do cal, polo seu deterioro ou perigo de rotura, hai probabilidade de que libere fibras de amianto e polo tanto pode comprometer a saúde das persoas expostas.

Dadas as décadas transcorridas desde a instalación das cubertas de fibrocemento con amianto gran parte delas sufriron distintos graos de deterioración e/ou danos e as fibras de amianto, integradas orixinariamente na matriz do cemento, pódense desprender e, en consecuencia, liberarse con máis facilidade. No caso do fibrocemento, a vida útil estimada pode alcanzar ao redor de 30-35 anos, contando desde o momento de fabricación do produto, e pasado ese tempo iría deteriorándose e perdendo propiedades. En calquera caso, a estimación da vida útil pode verse afectada por parámetros como as condicións meteorolóxicas (moi importantes no caso de cubertas) ás que se viu exposto o material, o almacenamento antes da súa posta en servizo, etc., que poden reducir ese tempo.

Cando se toma a decisión de encapsular ou selar cubertas de fibrocemento con amianto adoita ser por motivos económicos sen ter en conta que, segundo indica a lexislación, se a cuberta perde as súas propiedades polo paso do tempo e deixa polo tanto de cumprir as súas funcións (estanquidade á auga, ao vento, captación/disipación de enerxía, confort higró-térmico, acústico e lumínico, seguridade estrutural e contra o lume e durabilidade), despréndese que finalizou a súa vida útil e polo tanto debe ser retirada.

En todo caso, supoñendo que a cuberta non chegou ao fin da súa vida útil, cómpre sinalar que calquera intervención sobre un material con amianto pode levar consigo a liberación de



fibras e debe ser levada a cabo por empresas cun plan de traballo aprobado para esa actividade concreta. Incluso cando se di que non se lle toca á cuberta pode haber liberación de fibras xa que como mínimo hai que camiñar e transitar sobre o material con amianto, é dicir, é moi probable que se produzan vibracións e tensións sobre os elementos da cuberta que poidan xerar rozamentos coas placas de amianto e roturas destas e noutras ocasións procédese á súa limpeza con chorreo a presión antes da intervención provocando igualmente liberación de fibras.

A aprobación do plan requirirá polo tanto que se xustifique que a cuberta non chegou ao fin da vida útil (informe dun técnico competente) e se non é así, indicárase a súa retirada. Tamén se precisará que o material con amianto que quede oculto tras a intervención debe sinalizarse correctamente para evitar exposicións inadvertidas.

A maiores hai que ter en conta que a actual política en materia de amianto da Unión Europea vai encamiñada a eliminar todo o amianto que aínda permanece instalado nos países membros e que, neste sentido a Comisión presentará unha proposta legislativa sobre o control e rexistro do amianto nos edificios e pedirá aos Estados membros que establezan estratexias nacionais para a eliminación do amianto no camiño cara a un futuro sen amianto en Europa, en particular no marco da aplicación do Pacto Verde Europeo e o Plan Europeo de Loita contra o Cáncer. Así se recolle na comunicación presentada o 28/09/2022 pola Comisión ao Parlamento Europeo:

[COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN AL PARLAMENTO EUROPEO, AL CONSEJO, AL COMITÉ ECONÓMICO Y SOCIAL EUROPEO Y AL COMITÉ DE LAS REGIONES. Trabajar en favor de un futuro sin amianto: un enfoque europeo para abordar los riesgos del amianto para la salud](#)

Polo tanto, en base ao exposto, aínda carece máis de sentido que se fagan intervencións dirixidas á dobraxe dun material que terá que ser retirado nun futuro xa que se dificulta a súa retirada e se provoca a xeración de máis cantidade de residuo contaminado con amianto cando se retire.

Para máis información consultar o documento: [ANÁLISIS SOBRE EL DOBLAJE DE CUBIERTAS DE AMIANTO-CEMENTO EN ESPAÑA](#), publicado polo INSST no ano 2018.